



**Curso  
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de Música  
“Cantiga”  
Sarria (Lugo)**

**Adaptación Programación Didáctica  
de Vento Madeira  
Departamento Vento  
Data: 12 Maio 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

**Profesor:**

**Oleg Dzhevelo**

## **MATERIAS DE VENTO MADEIRA**

Seguindo o indicado no *R.D. 463/2020*, na *Orde EFP/365/2020* e nas *Instrucións do 27 de abril de 2020*, da *Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20*, nos *centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o **Centro Autorizado Elemental e profesional de Música Cantiga de Arria (Lugo)** establece as seguintes modificacións na Programación Didáctica da materia de CLARINETE para o curso 2019-20:

### **ÍNDICE**

- 1. Avaliación e cualificación**
- 2. Criterios de avaliación e mínimos esixibles**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

#### **1. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN**

##### **Procedementos:**

- Seguimento do alumno cada semana presencial (1º e 2º trimestre) e virtual (Skype ou vídeo-chamada whatsapp, gravacións de audio, vídeo...) no 3º trimestre.
- Probas obxectivas no 1º e 2º trimestre, e no 3º trimestre presentadas coma retos aos alumnos nos que se traballan/repasan contidos anteriores.
- 1º e 2º trimestre: audicións
- No 3º trimestre: traballos voluntarios de reforzo.

##### **Instrumentos:**

- Caderno do profesor (anotacións do traballo na casa, actitude fronte a materia, traballo nas clases presencias e virtuais)

##### **Cualificación final**

##### **Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:**

- Teranse en conta as cualificacións do 1º e 2º trimestre, e ao ser avaliación continua, predomina a cualificación do 2º trimestre.
- O 3º trimestre valorarase soamente dun modo positivo (nunca dun xeito negativo), polo que pódese subir a cualificación final do curso, pero nunca baixala.
- Poderase incrementar en **2** puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de

avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos).

### **Proba extraordinaria de setembro**

Os alumnos que estean suspensos no 2º trimestre, na proba extraordinaria de setembro deberán presentar as obras, escalas ou exercicios propostos nos dous primeiros trimestres. Elaborarase un informe de cualificación negativa co repertorio a recuperar na proba, cos contidos e obxectivos non superados/non acadados nos dous primeiros trimestres.

## **2. MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Adáptase o grao de esixencia de cada un deles en función do indicado no apartado seguinte (mínimos esixibles).

### **▪ MODIFICACIÓN DOS MÍNIMOS ESIXIBLES**

Os mínimos esixibles para acadar unha cualificación positiva na avaliación final da materia serán os correspondentes ao 2º trimestre de cada curso.

### **▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN**

Non sofren modificacións máis alá da adaptación e uso de novas ferramentas necesarias para o desenvolvemento dos procedementos de maneira non presencial. Neste sentido as ferramentas para a avaliación do 3º trimestre serán as mesmas que as utilizadas neste período docente con cada alumno ou alumna, en todo caso: correo electrónico, Skype, videochamada e/ou aula virtual.

Non se terá en conta a participación e actitude en concertos e audicións planificadas para o 3º trimestre debido á cancelación das mesmas.

### **▪ MODIFICACIÓN DOS PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN NOS CASOS EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON É POSIBLE**

Este punto só será aplicable ao alumnado que non puido ser avaliado de xeito continuo no 1º e 2º trimestre do curso e que neste 3º trimestre segue a non ser posible a súa avaliación continua.

A proba indicada na P.D. realizarase preferentemente por videochamada, na convocatoria de dita proba indicárase a ferramenta utilizada. As modificacións dos criterios de avaliación e dos mínimos esixibles indicados anteriormente tamén afectan a este proba.

Isto é aplicable a todos os curso de Grao Elemental e Profesional.

### **3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

#### **Actividades**

- Titorías virtuais todas as semanas (por vídeo-chamadas, Skype)
- Dudas por whatsapp
- Vídeos titoriais
- Mini-audicións
- Retos/actividades voluntarias presentadas polo docente.

#### **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)**

- Vídeo-chamadas por whatsapp e por Skype
- Audicións
- Envíos por Drive, correo electrónico ou whatsapp de audios/vídeos/fotos.

#### **Materials e recursos**

- Partituras en pdf
- Vídeos con resolución de dúbidas
- Gravacións de diferentes solistas e estilos en mp3 ou videos de youtube

### **4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE**

#### **Información ao alumnado e ás familias**

Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.

#### **Publicidade**

Publicación na páxina web do centro.